

Le o texto [Memorias dun neno labrego](#) de Neira Vilas e contesta verdadeiro ou falso.

Hai moitos meses que meu irmán Miguel marchou para América. Inda me lembro de cando se despediu de nós. Miña nai, a tía Carme e a madriña choraban. Meu pai estaba serio coma un pote. Nin bágoas nin risadas; os homes son homes. O padriño non quixo ir. A Celia, que está servindo en Loxo, mandámoslle recado pero non a deixaron os señores.

Eu estaba no medio de todos. Ninguén facía caso de min. Bulían a darlle consellos ó viaxeiro mentres non chegaba o coche de liña. Miguel dicía a todo que si, con cara de "tanto me ten". Collínlle unha man, e púxenme a contarlle os dedos para un lado e para o outro, dende o gordo ó meniño. Non dei chío pero gustábame que Miguel marchase. Despois contaríame moitas cousas. E eu diríaa na escola. Como non me atendía turrei por el para unha beira. Anagouse e díxenlle ó pé da orella: "Eu quero que te vaias. Mándame unha carta dende América e cóntame historias dalá". Sorriu, púxome unha man na cabeza e esgarabelloume no pelo. Sentín coma un próido de sarabullo no corpo todo.



Escoitamos a buguina do "Modelo". Viña a todo meter, cun eito de caixóns e cestos derriba. Miña nai e mais a madriña dábanlle bicos e apertas a Miguel, seguían choromicando. Meu pai ergueu a maleta ata onde estaba o revisor. Unha maleta noviña, feita polo carpinteiro de Quintela. Despois apertou contra si un instante a meu irmán. Antes de meterse no coche, Miguel colleume polo pescozo, deume un bico na cara, e cun "abur, Balbino" fuxiu coma un lóstrego. Eu quedei feito un papón. Non souben dicir nin facer nada. Arrincou ó xeitiño o "Modelo". Miguel axexaba para nós mentres abaneaba un pano da man.

1. Quen conta a historia chámase Balbino e Miguel é o seu irmán.
2. A oportunidade de Miguel de irse a América supuxo unha gran felicidade en toda a familia
3. Toda a familia tivo a ocasión de despedirse de Miguel.
4. Miguel desprazouse ata o porto en autobús.
5. Para Balbino, que o seu irmán marchase abríalle a posibilidade de ser popular na escola.
6. Unha maleta de coiro e do trinque era a única equipaxe de Miguel.
7. A partida de Miguel revela a contención das emocións da nai e da madriña.
8. Balbino despediuse de Miguel dicíndolle que o botará en falta.
9. Miguel despídese de toda a familia axitando un pano dende a ventá do tren.
10. Miguel amosábase un tanto indiferente ante a morea de consellos que lle daban antes da viaxe.